


PARRAFADAS

PERIÓDICO ANUAL DO CPI PLURILINGÜE DA PICOTA *Nº 32* XUÑO 2022



EDITORIAL	
OS SETE COGOMELOS	1
SERES TERRORÍFICOS	5
CONCURSO DE RELATOS DE TERROR	9
A PROTAGONISTA DOS MAGOSTOS	11
GAÑADORES DO II CONCURSO DE FOTOGRAFÍA	12
A FERVENZA DO ÉZARO	15
TANXUGUEIRAS	16
PREMIO EXTRAORDINARIO	17
DÍA DOS DEREITOS HUMANOS	18
HOMENAXE A DARÍO XOHÁN CABANA	19
DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	21
EN NOVEMBRO EXPERIMENTAMOS!	23
O TERMO VOLCÁN	25
BLACK FRIDAY	26
SORORIDADE	27
O DÍA DE ROSALÍA	28
O AMOR EN SETE PALABRAS	29
NOSOUTRAS PODEMOS	31
LENDAS E SÍMBOLOS DO CAMIÑO	33
700 ANOS DA MORTE DE DANTE	34
VISITA DE DAVID ARCAÏ	35
A LINGUA MATERNA E AS TANXUGUEIRAS	36
DÍA MUNDIAL DA POESÍA	37
DÍA MUNDIAL DA AUGA	38
CENTENARIO DO NACEMENTO DE MARÍA CASARES	39
SOLTA DE LIBROS	40
RECITAL POÉTICO E NITROBALL	41
CONTAMINACIÓN EN MAREAS E RÍOS	42
ZOOM Á VIOLENCIA DE XÉNERO	46
A BRUXA QUE QUERÍA RUBAR A LÚA	50
APOIO A UCRANÍA	51
A VIDA DO NOSO HÍBRIDO	53
FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN	56

EDITORIAL

Fomos navegantes !

Este curso fomos navegantes. Sucamos mares e remontamos ríos. Collemos folgos para deixar atrás os efectos máis duros da pandemia e comezamos este ano coa vontade de volver á normalidade. Por iso deseñamos unha carta de viaxe chea de aventuras por descubrir. Como boas exploradoras de novos continentes puxemos pé a terra e deseñados un plan de actividades ben completiño ao longo destes meses.

Queremos que esta revista sexa unha especie de caderno de bitácora para deixar constancia da nosa travesía polo curso de que dedicamos aos Mares e Ríos. Entre todas e todos conseguimos chegar a bo porto, con toda a tripulación a salvo e as bodegas repletas de succulentos aprendizaxes. Ben é sabido que unha non volve igual da viaxe. Xa non somos as mesmas que no inicio desta aventura. Sabemos que medramos, maduramos ao abeiro das dificultades que fomos atopando nesta singradura. Ninguén dixo que navegar os mares fora sinxelo. Mares bravos curten aos mellores mariñeiros.

Ao longo destes meses tivemos tempo para afondar áncora nalgunhas datas sinaladas; os magostos, o entroido, o 8 de Marzo, o día da Paz, as nosas Letras Galegas... cada porto foi unha nova experiencia, un recordo para gardar. E así fomos chegando ao final da viaxe.

Arribados a destino, non podemos máis que sentirnos satisfeitas, podemos mirarnos á cara, aínda cos restos de sal que arrastrou o vento mareiro ata as nosas cellas, e darnos unha aperta sincera polo traballo ben feito.

Sabede que aquelas e aqueles que comparten barco, xa nunca se baixan e son para sempre compañeiras e amigos na aventura dos días que virán por diante.

Que o mar nos depare novas aventuras! Remade forte!

Avante toda!





OS SETE COGOMELOS

Fungos e **cogomelos** non son a mesma cousa xa que un **fungo** é a denominación coa que recoñecemos o organismo vivente que pertence a un reino distinto ao animal e ao vexetal, que é parasito, non ten clorofila e reproducése por esporas; e os **cogomelos** son os fungos que teñen sombreiro e talo, podendo ser comestibles ou non. No outono, no tempo da vendima, de matar o porco e das castañas, tamén é a época dos cogomelos, que fan aparición tralas primeiras choivas.

A pesar de ter Galicia un tempo propicio para unha boa colleita, non hai moita tradición micolóxica. As razóns desta micofobia (medo aos fungos) non se teñen moi claras, pero ao parecer non se debería a que algúns sexan venenosos, senón máis ben pénsase que o motivo radica nas características alucinóxicas dalgúns deles e as prácticas esotéricas punidas polas doutrinas relixiosas oficiais.

Aí vai un cesto con sete destes manxares.

1. Raíña



Cogomelo co sombreiro ovoide cando é novo e aplanado na madurez, de cor alaranxada ou avermellada, pé cilíndrico e robusto, de cor amarela, cun anel na parte alta e volva ampla, saquiforme e branca, que só se pode comercializar cando ten a volva aberta.

A **raíña** ou a **amanitas dos césaes** é a *Amanita caesarea*, exemplar moi apreciado desde a antigüidade, un dos manxares desexado polos emperadores que a converten na raíña entre as distintas variedades e de aí o seu nome vulgar. Nace dun ovo e cando medra ten un sombreiro de cor laranxa intensa. É de sabor suave e delicado, e fanse en carpaccio, salteadas ou en revolto.

Este cogomelo ten uns parentes fatais como é o caso da *Amanita phalloides* coñecida polos descritivos nomes **pan da morte**, **pan da zorra**, **pan do demo** ou a *Amanita muscaria* tamén chamada **rebotaboís** polos terribles efectos que producía no gando se a comía por confusión. Esta última é de cor vermella con puntinhos brancos e é coñecida na literatura infantil por ser onde viven os gnomos. Tamén se lle atribúe, consumida en cantidades pequenas, calidades alucinóxicas e por iso se di que o tomaban as meigas para entrar en transo.



2. Andoa



Cogomelo co sombreiro hemisférico e de cor abrancazada cando é novo e convexo e apardazado na madurez, pé longo e grosso, de cor máis clara, e sabor doce.

Dáse á sombra de castiñeiros e carballos, pode chegar a ter gran tamaño e aparece sobre todo no outono. A maioría das especies deste xénero son comestibles e cun receitario abondoso, de aí que se lle chame **o rei da fraga**. O nome **andoa** é de orixe escura, pero podería recordar a forma vasca onddo ('boleto'), suposición un chisco arriscada aínda sabendo que os vascos recollían cogomelos no noso país. Tamén se lle

chama **madeirudo**, seguramente nome asignado polo aspecto de toro robusto de madeira. Estas designacións conviven cun nome común a outras linguas como é **boleto**, do latín *boletus* ('cogomelo'), á súa vez préstamo do grego *bolitēs* ('vulto' ou 'morea').

A variedade máis coñecida é o *Boletus edulis* chamado **madeirudo** ou **boleto bo**. Fronte a este temos o *Boletus calopus* tan amargo que estraga calquera guiso ou o *Boletus satanas*, coñecido como o **boleto de satanás** que é tóxico, producindo, como mínimo, problemas gastrointestinais a causa da bolesatina.

3. Fungo dos lameiros



Cogomelo co sombreiro hemisférico cando é novo e plano convexo na madurez, de cor abrancazada ou agrisada, pé cilíndrico, curto e cun anel na parte superior, e carne de sabor lixeiramente doce que se tingue de cor rosácea en contacto co aire ou ao tocala.

Deste cogomelo coñecido como **Agaricus campestre** cómense só os exemplares novos porque os vellos, con láminas marróns, resultan indixestos. O seu hábitat son os

prados e de aí a súa denominación vulgar xa que un **lameiro** é un 'prado que se mantén húmido todo o ano'. Tamén son desta familia a **bóla de neve** (*Agaricus arvensis*) cunha forma e cor que lembra a neve compactada e que ten un sabor moi agradable, mais aqueles que teñen olor forte, e se os raspamos collen unha cor amarela intensa, son tóxicos como é o caso do *Agaricus xanthodermus* ou **champiñón fedorento**.

Un parente moi coñecido dos anteriores é o **champiñón de París** ou *Agaricus bisporus* grazas á súa comercialización masiva, ben en fresco ou en conserva. É moi



popular na gastronomía. É baixo en calorías e rico en fibra e emprégase en revoltos ou como gornición.

4. Fungo da muña



Cogomelo co sombreiro convexo cando é novo e en forma de funil na madurez, de cor alaranxada, pé curto e cilíndrico, de cor máis clara, e sabor lixeiramente picante cando se consome cru.

A denominación indícanos os chans onde podemos atopar o **Lactarius deliciosus** que son os alfombrados pola **isca** ou **muña** (folla seca do piñeiro). Tamén o coñecemos como **fungo dos piñeiros** ou **níscar**. É de cor laranxa e ten forma de funil ou embude cando medra. Dáse en outubro e novembro entre os piñeiros, pero tamén nas fragas.

É moi apreciado na gastronomía, sabe algo picante e cómese de diversos xeitos: asado, guisado e mesmo cru. Os colorantes que ten excrétanse pola urina e para quen non o sabe pode supoñer unha sorpresa. A isto débese o dito popular: ollo á mexada, se fungos da muña van na empanada.

Os **fungos da muña** son tan buscados que o concello ourensán da Veiga decidiu cobrar unha cota de oito euros por coller cinco quilos e quince se se excede o peso. A motivación, máis ca económica, é para evitar que se destrúa o monte cunha recollida incontrolada e masiva.

5. Tortullo



Cogomelo do filo dos basidiomicetos (*Tricholoma portentosum*) de pé abranzado, firme e fibriloso e sombreiro amarelado ou agrisado e convexo constituído por láminas desiguais

Entre os distintos tipos de tortullos, o **Tricholoma portentosum** é unha variedade comestible que aparece a finais de novembro e sobre todo no inverno, nos montes de coníferas e oculto baixo a agulla dos piñeiros. Ten un aroma suave e un sabor lixeiramente fariñento. Pódese tomar guisado e solta unha especie de xelatina que liga moi ben as salsas. Sen embargo, ten unha serie de parentes próximos

que resultan tóxicos e cos que se debe ter coidado, como é o caso do **tortullo dos cabaleiros** (*Tricholoma equestre*) que ata hai pouco era apreciado e considerado comestible mais debido á morte, despois de consumilos, de dúas persoas por miopatía, incluíuse dentro dos tóxicos.



6. Choupín



Fungo da familia das agaricáceas (Macrolepiota procera), comestible e de cheiro agradable, co sombreiro abrancazado cuberto de escamas pardas e pé delgado cun anel

É un dos nosos cogomelos máis habituais. É preferible collelos e comelos cando estean pechados. Resulta moi apreciado e só se cociña o sombreiro, normalmente á prancha ou rebozado en fariña e ovo e frito na tixola. Pódese atopar nos piñeirais e nos soutos, pero é máis habitual nos prados e nos lugares de monte baixo, incluso debaixo das viñas, de aí que se diga: os **palotes** do rebusco teñen dobre gusto porque unha vez acabada

a vendima, deixábase ir buscar as uvas e apañábanse os **palotes** que son os **choupíns** pechados.

Quizais sexa unha das especies que máis nomes ten en galego. Díselles **roco**, **chouparro**, **monxo**, **frade**, **toupela**; se atendemos a como ten o sombreiro e este está aberto chámase **patamela**, se está pechado **cogordo** ou **cerrote**. A súa popularidade está presente na nosa fraseoloxía: "Choupín, choupiñeiro dime onde está o teu compañeiro" ou "chourizos ao espeto, choupís na tixola, viño no cubeto e pan de broa fan amigos a todas horas".

7. Fungón



Fungo da orde dos gasteromicetos, globoso, de cor branca ou crema, que pasa a amarelo xofre nos exemplares máis vellos, de corpo esponxoso que se transforma nunha masa de esporas pulverulenta cando se seca e do que existen varias especies

Baixo esta denominación máis xeral agáchanse distintos xéneros como o dos Lycoperdon, Bovista e Phallus. Dan exemplares, normalmente, comestibles cando son moi novos pero a medida que maduran cambian de cor, liberan as esporas e desprenden un cheiro moi desagradable. Desta reacción proviría algún dos nomes vulgares que encontramos: **bufo de vella** (Bovista plumbea), **peido**

de lobo (Lycoperdon perlatum) ou o **carallán** (Phallus impudicus) que cando medra, ademais de ser fedorento, ten forma de pene.

Ao **peido de lobo** atribúenselle propiedades terapéuticas e aplicado sobre as feridas actúa como antibiótico e cicatrizante como xa indica o dito " meniño encetado, auga da fonte e po de peido do lobo".



SERES TERRORÍFICOS

O mundo do horrible escríbese nas páxinas das novelas, dos cómics... e mesmo nos dicionarios! Entramos no lado máis escuro do Dicionario da Real Academia Galega para sacar á luz as sete palabras que meten máis medo da nosa lingua.

ZOMBI

Persoa morta que, segundo certas crenzas populares de América Central, volve á vida e se move de maneira autómatas sen ter conciencia dos seus actos.

A base desta palabra podemos situala na África occidental, emparentada coas congolosas nzambi, 'deus' e zumbi, 'fetiche'. Estas palabras facían referencia inicialmente a figuras míticas propias das rexións onde se practicaba o vodú. En Haití, que mantén unha forte relación lingüística e cultural con África, o zombi era un morto resucitado por algún feiticeiro para convertelo no seu escravo. Daquela, en orixe, o zombi está estreitamente vinculado coa vivencia da escravitude e a opresión en certos territorios coloniais.

LOBISHOME

Home que segundo as crenzas populares se converte en lobo.

As criaturas que combinan caracteres humanos e animais teñen unha presenza constante e remota no imaxinario popular. *Lobishome* é unha palabra composta dos dous elementos que conforman este ser, o home (do latín *homine*)



e mais o lobo (en latín *lupus*), o mesmo que o seu sinónimo máis culto *licántropo* remite ás formas gregas destes nomes (*ánthropos* e *lykos*).

Na maioría dos casos, a metamorfose dos *lobishomes* non é por vontade propia, senón como consecuencia dunha maldición da que son vítimas por transgrediren algún tipo de lei natural ou norma social, de xeito que esta figura en certo momento funcionou como unha advertencia para os que dalgunha maneira se desviaban do camiño convidado.



VAMPIRO

Persoa morta que, segundo a crenza popular dalgúns lugares, sae da tumba polas noites para chucharlles o sangue aos vivos.

O mesmo que a temible figura do histórico Drácula atravesou os montes Cárpatos para errar por todo o continente, tamén a palabra *vampiro* percorreu un longo camiño ata chegar ao noso fondo léxico. Este termo está directamente relacionado co francés *vampire* e este á súa vez remite ao alemán *vampir*, que é un préstamo do serbio ou do húngaro.



ESTADEA

Aparición, visión fantasmal.

Esta palabra pódese relacionar co substantivo *estada* (do latín *statua*), que é 'o feito de permanecer un tempo nun lugar', e esta á súa vez remite ao verbo *estar* (*stare*). En latín tiña o significado de 'estar en posición recta ou vertical' o que nos fai pensar na figura altísima e esvelta que na maior parte das lendas se asocia coa *estadea*.

Malia que as dúas son moi afeccionadas aos camiños escuros da noite, non deben confundirse *estadea* e *Santa Compañía*, xa que, a primeira é unha figura solitaria mentres que os mortos da *Santa Compañía* non se aparecen se non é en procesión.



ENDEMOÑADO -A

Posuído polo demo.

Participio do verbo *endemoñar* que se constrúe sobre o substantivo *demoño*. Este procede do latín *daemon*, que tiña o significado de 'xenio, espírito ou demo' e á súa vez vén da forma grega *daímon*, que era un xenio sen especificación da súa condición bondadosa ou maléfica.

A idea de que existen persoas posuídas por unha entidade maléfica está presente en case todas as relixións desde tempos remotos e apóiase na antítese elemental entre o Ben e o Mal. Con todo, na cultura tradicional galega, este termo está moi relacionado con demo, ao que se lle chama na nosa lingua de moi distintas maneiras: *cachán, demoño, diabo, diabro, diante, diaño* etc.

MEIGA

Muller á que se lle atribuíu un pauto co demo, do que recibía poderes para realizar meigallos, adiviñar o futuro ...

Esta palabra é o resultado da evolución popular do adxectivo latino *magicus* que se aplicaba a todo aquilo relacionado ou pertencente á maxia ou ao que tiña o poder de encantar. Á súa vez provén do grego *magikós*.

A figura destas mulleres é moi destacada para a cultura tradicional galega, polo que non é estraño que se fale de moitos tipos distintos, máis ou menos malignas, por exemplo a coñecidísima *meiga chuchona*, que debilitaba pouco a pouco as súas vítimas chuchándolles o sangue.



MONSTRO

Persoa ou animal fantásticos, con características anormais que, ás veces, resultan de combinar partes de animais distintos.

A orixe desta palabra localízamola no vocábulo *monstrum* que no latín se empregaba co valor de 'obxecto ou ser de carácter sobrenatural que anuncia a vontade dos deuses'.

Na actualidade, o *monstruoso* comprende todo aquilo que provoca horror ou rexeitamento social, ben sexa na súa aparencia máis externa, ben nos seus comportamentos ou accións.





Un ano máis e ás portas do **Samaín**, convocamos unha nova edición do noso **concurso de relatos de terror**.

Aquí tedes os gañadores!



CLAUDIA FERRADÁS OTERO (1º CICLO)

LA VENGANZA

El 27 de Octubre de 1977, a las 5 de la madrugada una joven de 17 años da a luz a una preciosa niña de piel muy pálida y ojos negros. A pesar del fuerte viento y los truenos se puedo escuchar perfectamente los llantos de la niña. La joven no quiso ver a su hija, decía que estaba maldita y ordenó a las enfermeras que se la llevarasen, sin ni siquiera haberla cogido en brazos. Dejaron a la madre sola y se llevaron a la niña. Más tarde un médico va a revisar que tal está la madre y se la encuentra degollada en la camilla del hospital. Unos días después el hospital se incendió, acabando con la vida de 45 personas. Una historia trágica ¿Verdad? Pues así fue como nací yo.

No tuve una buena infancia, ya que no me querían en ningún hogar de acogida, decían que estaba maldita, que solo traía mala suerte y ese tipo de cosas. La verdad es que me perseguían las desgracias. En mi adolescencia vivía en una casa con una señora muy amable que me trató como si fuese su hija. En el colegio se metían conmigo, me insultaban y pegaban, pero nunca le dije nada a nadie.

El último día de clases me desperté con muy pocas ganas, me notaba algo mareada ya que llevaba toda la semana sin poder dormir 3 horas seguidas. Últimamente me estaban pasando cosas muy raras; me sentía observada mientras dormía y escuchaba voces que me susurraban al oído. Con mucha pereza cogí mis libros y me fui andando hasta el colegio. Para llegar a la escuela tenía que pasar por un frondoso bosque rodeado de árboles milenarios, nunca había tenido miedo porque suele pasar bastante gente por ahí, pero esa mañana no había nadie. Estaba bastante asustada pero seguí mi camino, cuando de repente noté que alguien me seguía. Pensé que me estaba imaginando cosas debido al cansancio, entonces decidí aligerar el paso, pero me tropecé con una piedra y me rasgué la rodilla, estaba sangrando mucho pero no quería quedarme allí, había alguien que me seguía y cada vez estaba más cerca, mis ojos se llenaron de lágrimas, no podía levantarme, me dolía demasiado la pierna. Entonces noté cómo alguien me tocaba el hombro, y, al girar la cabeza, lo vi. Era un espíritu frío que me miraba fijamente, sus frías manos rodearon mi cuello impidiéndome respirar. Cuando estaba a punto de morir me dijo: “ahora podrás vengarte de todos esos niños que te hicieron daño”

Todo se volvió oscuro. No sé dónde estoy, aquí tengo todo el tiempo del mundo, no existen ni los días, ni las noches. Cada segundo que pasa estoy más y más furiosa, ¿Por qué a mí? Me pregunto, ahora solo hay algo que quiero. Encontrar la manera de vengarme de todas esas personas que me hicieron daño para así morir en paz.



Luces fóra!!!

GABRIEL CAAMAÑO ABELENDA (2º CICLO)

Era un Samaín coma calquera outro no CPI a Picota, podíase sentir o xúbilo na xente ao pasar polos corredores, e, na nosa clase, todos estabamos comparando as nosas historias de medo para o concurso. Había contos sobre bruxas e monstros, sobre trasgos e orcos ou incluso sobre asasininos seriais. Todos estes eran prometedores, pero eu non tiña moita fe no meu, xa que pensaba que sería o peor de todos, xa que os do resto eran moi bos.

Cada vez, o día do concurso achegábase máis e máis, e os meus nervios só crecían e crecían, ata converterse nunha paranoia, non era nada grave, pero molestábame moito pensar que o meu conto posiblemente sería o peor, incluso me enfadaba. Xa me dixeran en varias ocasións que a miña historia non era mala, pero non o cría.

Pero a data chegou. Estabamos todos na biblioteca, Rafa e María presentaban con alegría o conto gañador de entre os dos de primeiro e segundo. Pero o meu maior medo chegou, o premio de terceiro e cuarto. Estaban a punto de ditar o mellor conto cando de súpeto ...

Luces fóra!

Todo o mundo riu pensando que sería algunha broma para asustarnos, e só se puxeron máis contentos. Logo dun tempo a luz volveu, e todas os risos tornáronse caras de medo. No chan xacía alguén boca abaixo, cheo de sangue. Déronlle a volta e era Valeria, quen todo o mundo sabía que tiña o mellor conto. Todos comezaron a gritar, incluído eu, aterrorizado, e sen previo aviso ...

Luces fóra!

O medo colectivo converteuse en pánico, e para cando a luz volveu, como se xa fose esperado, alí estaba morto Brais, o segundo mellor conto.

Nese momento tiven un pensamento, como se acabase de resolver unha adiviña; ía morrer a xente segundo como de bo fose o seu conto, así que eu igual tiña a oportunidade de escapar antes de que me tocara, xa que igual era o último. Pero antes de que sequera puidera reaccionar, a luz comezou a marchar e volver rapidamente, case cun tempo perfecto, e con cada apagamento, alguén menos vivo.

Rapidamente só quedabamos os 5 cos peores contos, aterrorizados, tristes porque sabiamos o noso destino. Entón empezou:

Luces fóra, luces dentro. Quedan 4. Luces fóra, luces dentro, Hai 3.
Luces fóra, luces dentro. Somos 2.
Temíamos xa o peor, e pasou...



Luces fóra! Duraron un bo tempo apagadas, e cando volveron ...Unicamente quedaba eu. Pero iso non era o que máis me atemorizaba. Cando me dei conta, as miñas mans estaban cubertas de sangue, e nunha delas, eu sostíña o premio ao mellor conto. Logo diso, sentín un peso menos dentro de min, e una alegría que nunca imaxinei.

Luces fóra! Como se estivese bailando un valse, movínme axilmente só para ver aos que quedaban desvanecerse diante da miña expresión de pura alegría.

Luces dentro, xa son o gañador!!



A PROTAGONISTA DOS MAGOSTOS

Castañas e castiñeiros hainos en Galicia desde sempre, mesmo antes de chegaren os romanos, inda que estes trouxeron variedades máis produtivas, e desde aquela estannos dando de comer, leña e madeira. E logo non nos habían dar palabras e expresións para nutrir a nosa lingua? Por suposto!

Temos unha abondosa fraseoloxía relacionada con esta árbore que tanto nos gusta, e á que lle imos botar unha ollada de aquí en diante. Cando os plans non saen ben ou se frustran dicimos que aquilo acabou en **auga de castañas**. Tamén podemos empregar, con significado idéntico, **auga chirla** ou **auga de bacallau**. Estas locucións fundaméntanse en que o importante, o substancioso, é o que se coce, e non na auga da cocción. Se te metes nun problema e agardas que o resolvan por ti, hanche dicir aquilo de que sempre hai alguén para **sacarche as castañas do lume**. A xustificación encontrámola en que ao andar coas castañas asadas corres o risco de te queimar, e se hai alguén que o faga por ti, aforras queimaduras. Porén, hai quen ten a habilidade para meterse en leas, daquela indícase que alguén **sae dun souto para se meter noutro**.

Se estamos moi distraídos, dirán que **xuntamos** ou **confundimos fabas con castañas**, cousa que resulta ben difícil salvo que esteamos moi desorientados. Este tipo de descoidos, dependendo da paciencia das persoas que os padecen, poden provocar nela que **estoupen como unha castaña** –deste modo amosan o seu anoxo coa nosa ineficacia– e despois, co enfado e a rabia, **non están para asar castañas**, nin para festas.

Ás veces, se temos que indicar que unha persoa non é merecente da nosa confianza, pódese dicir dela que **é falsa coma as castañas no lume**. A razón é que hai ocasións en que as castañas estoupan por non amosegalas e poden provocarlle feridas ao que anda arredor. Con este mesmo suceso vincúlase estoutra expresión: **estalar unha castaña na boca ou nos dentes**; desta volta o significado atribuído á frase relaciónase coa idea de decepción con alguén ou coa aparición dun contratempo inesperado.

A abundancia de castiñeiros e soutos fai que haxa onde ir apañalas, pero a terra sempre ten dono e o froito tamén. Daquela, para evitarmos conflitos, cómpre non esquecer que a castaña que está no camiño é do veciño. Con todo, indo polas propias ou polas alleas hai que ter coidado cos ourizos, de aí que **o que non ten maña non come castañas**.

E para darlle o remate, un desexo: que nunca vós oiades “**sempre un porco ruín atopa unha boa castaña**”! Dinllo, con xenreira e sen cariño ningún, a quen non merece o que lle acontece.



Gañadoras do II Concurso de fotografía/fotomontaxe contra a Violencia de Xénero

O venres 3 de decembro entregamos os premios do II Concurso de fotografía/fotomontaxe contra a **Violencia de Xénero**.

As gañadoras do concurso foron as alumnas **María Antelo González** e **Mariña Suárez Franco** (3ºESO) coa súa serie fotográfica titulada:

“Os tres tipos de violencia”





O alumno **Ramiro Francisco Alentorn Coria** (1ºESO) recibiu un **Accésit** dentro da categoría de 1º ciclo da ESO pola súa fotomontaxe: “Dile NO al maltrato contra la mujer”



Parabéns a todos/as os/as alumnos/as que participastes no concurso!!!





Por outra parte, as nais da ANPA BARCOMA deseñaron un photocall e sacaron fotografías do alumnado, membros do centro, nais e pais ... sostendo mensaxes sobre a **igualdade de dereitos** entre mulleres e homes; tamén a **loita contra a Violencia de Xénero**.

As imaxes foron expostas durante as semanas do 22 ó 3 de decembro.

Velaquí tedes algunhas das fotografías





E falando de saltos de auga, non podemos deixar de falar da **Fervenza do Ézaro**, que forma o río Xallas na súa desembocadura ao mar. Esta é a única de Europa que verte no mar, creando así unha paisaxe espectacular.

Está situada ao lado da parroquia Santa Uxía do Ézaro, no municipio de Dumbría. Antes de converterse en salto, esta marabilla natural é retida por catro encoros, deixando ao seu paso lugares con moito encanto. Na última retención polo presa de Santa Uxía o río alcanza un importante desnivel de 155 metros, chegando a ser a altura da fervenza de 40 metros e caendo nun foso de aproximadamente 20 metros, tras golpear as paredes do canón situado ao pé do monte Pindo.

En canto á súa historia, temos que recordar que sobre o ano 1988 a hidroeléctrica fixo que a fervenza desaparecera co levantamento da presa de Santa Uxía. No 2000 a Xunta e a empresa hidroeléctrica chegaron a un acordo para programar aperturas puntuais das comportas. Este acto tivo consecuencias de grande importancia, pois en plena seca en Galicia, o nivel do embalse comezaba a baixar estrepitosamente ata quedar case baleiro; o que provocou a morte de miles de escalos e troitas. A empresa hidroeléctrica enfrontouse á sanción administrativa máis grande imposta en Galicia por un desastre ecolóxico (600.000 euros). O 12 de abril de 2011, grazas á presión social e a grupos ecoloxistas, a fervenza do Ézaro flúe sen descanso todos os días do ano. Dende hai aproximadamente sete anos ten un caudal mínimo, polo que se pode desfrutar dela en calquera época do ano, aínda que a mellor é no inverno, onde hai maiores cantidades de precipitacións.

Paula Barcia, Jorge Otero e Raúl Caamaño, 2º ESO



Tanxugueiras

Que me contas! Unha canción en galego directa a Eurovisión?

Así é, Aida Tarrío e as xemelgas Olaia e Sabela Maneiro están xa cun pé dentro do concurso. Danse a coñecer como as Tanxugueiras e coa súa canción "Terra" pretenden facer visible un idioma tan fermoso como é o galego, xunto co resto de linguas cooficiais de España.



Pero ademais dese logro, as pandeireteiras conseguiron darlle voz á palabra "Tanxugueiras" converténdoa en **Palabra do Ano 2021**, tras se facer coa maioría dos apoios na elección popular promovida polo dicionario Portal das Palabras, iniciativa da Real Academia Galega e a Fundación Barrié.

Pero, que significa realmente?



Tanxugueiras, tal e como explican dende o Portal das Palabras, é o topónimo de varios pobos galegos, é unha alteración da forma etimolóxica Teixugueira, un zootopónimo común no país que sinala os sitios onde hai presenza ou abundancia de teixugos ou porcos teixos.

A palabra tanxugueiras é un referente dos novos camiños que con grande éxito está a abrir a música tradicional galega. E, malia non estar no dicionario, ten as raíces ben chantadas no idioma de Galicia.

Esta voz popular remite probablemente ao latín *taxo*, *taxonis*, o nome latino que recibía o teixugo, aínda que podería vir tamén da suposta forma xermánica *thahsus* ou do gótico *thahsuks*.

«Resiliencia», «vacinódromo» e «gromo» foron as seguintes palabras máis votadas.

A pesar de non poder coa ilusión contaxiosa da música, o covid-19 deixa pegada no segundo, no terceiro e no cuarto posto da votación. Aínda que «resiliencia», a acepción da capacidade dos seres humanos para adaptarse positivamente ás situacións adversas, é unha virtude útil en calquera momento, apuntan dende a Fundación Barrié e a RAG, non hai dúbida de que o impacto na vida cotiá da pandemia fixo que se escoitase máis que nunca.

Valeria Cerbán Moledo, 3ºESO



PREMIO EXTRAORDINARIO

Manuel Pereiro, un antigo alumno do CPI Plurilingüe da Picota, conseguiu un dos 20 premios que lles outorga a Xunta de Galicia ós estudantes da Educación Secundaria con mellores cualificacións. Este caso destaca entre os demais, xa que a maioría dos galardoados atópanse en núcleos urbanos, e en cambio este brillante alumno vive na contorna de Mazaricos.

El conta que a súa clave para ter bos resultados académicos é ir estudando pouco a pouco tódolos días e falar co seu bo amigo Alberto Rey Abuelo sobre as cousas que poden entrar nos exames. Eles empezaron a levarse bastante ben en primeiro da ESO, e a súa amizade mellorou co tempo. Cabe mencionar tamén que Alberto conseguiu excelentes resultados pero non obtivo un dos premios extraordinarios da Educación Secundaria debido ó número tan limitado de prazas. Manuel dinos que el xoga a videoxogos cos seus amigos mediante chamada para desconectar dos estudos e pasar bos momentos falando con eles.



Tamén di que ter estudado nun colexio do rural non lle supuxo ningún inconveniente. Todo o contrario, Manuel Pereiro pon en valor a relación tan próxima que existe entre os alumnos e os docentes do colexio da Picota. Conta que sabe programar e que ten pensado facer unha Enxeñería Informática cando acabe o Bacharelato, pero aínda non ten claro o que vai facer cando remate a carreira.



A estes premios extraordinarios só se puideron presentar alumnos/as que obtiveron en Educación Secundaria unha nota media igual ou superior a 9,00 puntos. Despois tiveron que someterse a unhas probas sobre as diferentes materias ... E os vinte mellores resultados foron os que conseguiron estes premios extraordinarios.

Os nosos parabéns a estes dous excelentes antigos compañeiros. Seguro que seguirán acadando importantes logros. Non nos cabe a menor dúbida!!!

Mateo Cousillas Lema, 3º ESO



DÍA DOS DEREITOS HUMANOS

O Día dos Dereitos Humanos celébrase cada **10 de decembro**, día no que, en 1948, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas adoptou a Declaración Universal de Dereitos Humanos (DUDH).

A Declaración Universal de Dereitos Humanos é un documento histórico que proclama os dereitos inalienables que corresponden a toda persoa como ser humano, independentemente da súa raza, cor, relixión, sexo, idioma, opinión política, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición. Este está dispoñible en máis de 500 linguas e é o documento que máis se traduciu en todo o mundo.

O tema do Día de los Dereitos Humanos deste ano está relacionado coa “Igualdade”. Os principios da igualdade son a esencia dos dereitos humanos, esta defínese no documento da seguinte maneira: “Equality and Non-Discrimination”. Este enfoque inclúe abordar e encontrar solucións para formas arraigadas de discriminación que afectaron as persoas máis vulnerables das nosas sociedades.

Os dereitos humanos son tan importantes porque, a parte do anteriormente citado, un dos seus obxectivos é construír sociedades mellores, máis xustas e máis ecolóxicas e sen afectar a outros factores; este dereito é máis importante agora que nunca debido á situación de pandemia e contaminación actual. Algunhas das cousas que fan para conseguir estas sociedades desexadas son: axudar a que todos reciban as súas doses de vacinas, loitar contra o cambio climático, que todos os rapaces e rapazas reciban unha educación.

A necesidade de reconstruír para mellorar, asegurándose de que os dereitos humanos sexan a base para os esforzos de recuperación en todo o mundo é o tema da celebración deste ano. Só se acadarán os obxectivos se somos capaces de crear igualdade de oportunidades para todos e todas ...

Mariña Suárez Franco, 3º ESO



O 17 de novembro coñecemos a triste noticia da morte de **Darío Xohán Cabana**, nado en Roás no ano 1952. Con tal motivo, hoxe queremos na nosa revista escolar renderlle unha pequena homenaxe a un home comprometido coa súa terra e a súa lingua, compromisos que o converteron nun autor singular e único da nosa literatura. Un poeta clásico que se inspirou en Manuel María, o seu mestre e amigo; un narrador brillante, admirador da prosa de Cunqueiro e de Méndez Ferrín; un tradutor arriscado que se achegaba sen medo a Petrarca e a Dante e membro da Real Academia Galega.

Intentaremos definilo con seis palabras galegas. Imos alá!

1. Patriota

Persoa que ama e serve a súa patria

Algunhas das obsesións de Darío Xohán son a patria, o pobo e a vida en sociedade. El mesmo recoñece que nos seus escritos sempre se pode atopar un pouso reivindicativo das ideais que defende.

2. Editor, -a

Persoa que con criterios filolóxicos e con fins de depuración crítica publica obras de importancia para a historia da cultura / Persoa que se encarga da preparación, organización e revisión dos orixinais dunha obra colectiva para a súa publicación.

Darío Xohán Cabana tivo ao longo da súa vida laboral diversos oficios. Traballou na Editorial Castrelos, dedicouse á edición de libros en galego e creou ademais unha colección de baixo custo, "O Moucho"; coa que fixo posible que os textos en galego fosen accesibles ao gran público.

3. Autodidacta

Que se instruíu ou educou a si mesmo sen axuda de ningún mestre.

Darío Xohán tomou como mestres ó propio Manuel María; Logo, a Xosé María Álvarez Blázquez, e por último a Xosé Luís Méndez Ferrín. A todos eles coñecemos grazas a diversos oficios que realizou e que disfrutaba ata o fin dos seus días.

Non cabe dúbida ningunha que Darío foi unha persoa que se educou a si mesma coa súa ansia por saber; pero si tivo mestres como el mesmo indicaba.



4. Clásico, -a

Conforme a uns modelos ou normas establecidos.

Os primeiros versos de Darío Xohán dátanse en 1967, é o primeiro libro editado por el mesmo, baixo o título “Verbas a un irmao” en 1970.

A súa poesía bota man dos metros clásicos, cunha mestría soberbia na escollo das palabras, do verso, da composición estética e rítmica, en particular do soneto; o que aseguraba que o axudaba a non despistarse e a concentrarse.

5. Medievalista

Especialista no período medieval / Relativo ou pertencente ao medievalismo.

Darío dános a súa visión da historia de Galicia desde os reinos suevos ata a fin da Idade Media en obras como; “Galván en Saor” ou “Morte do rei”.




6. Tradutor, -a

Persoa que fai traducións.

Darío cultivou de xeito excelente foi a tradución directa, que se define como “feita do idioma orixinal da obra á lingua materna do autor”.

Neste oficio comezou cando comprendeu que as galegas e os galegos tiñamos o dereito a acceder ás literaturas doutras linguas desde a nosa.



Traduciu aos poetas clásicos, primeiro achegouse aos italianos Petrarca ou Dante. Fíxoo respectando de xeito rigoroso a métrica e a rima dos orixinais que fai máis dificultoso o traballo do tradutor, e que xustifican plenamente que as versións galegas de Darío fosen premiadas. “A Divina Comedia” recibiu o Premio Otero Pedrayo en Galicia; e logo, o propio Concello de Florencia concedeulle a Medalla de Ouro pola calidade e fidelidade da súa versión.

Sheila Baña Grille, 4º ESO



25 de novembro

Neste **Día contra a violencia de xénero** queremos compartir con todas e con todos tres poemas:

O primeiro é de **Sheila Blanco** e non precisa comentario. Está sacado da obra colectiva *Latexo beat*, que vén de publicar Galaxia a partir dos textos recitados nas últimas edicións do Festival Kerouac de Vigo:

Vestírona de branco

pero non ía casar.

Maquillárona, co coidado co que se pinta unha figuríña de cerámica, coma se acariñaran de rosa e carmín unha fraga durmida.

Calzárona, con esas zapatillas suaves que poñía acotío nas clases de danza. Mentres sorteaban os seus belidos nocellos entre os lazos de seda, a súa faciana pareceu mudar de xesto silandeiro a aceno sorrinte.

Peiteárona, como só se peitea as princesas boas nos contos tristes.

Ela seguía coa ollada perdida, deixándose facer; parecía estar lembrando a súa última cita con el, nesa festa, nesa casa, nese cuarto.

Por que habiamos de ir alí?

Por que rifamos tanto?

Por que, máis unha vez, el non puido
controlar a súa ira?

Puxéronlle as mans sobre o peito a xeito de ás de anxo.

Alguén pechou os seus ollos.

Alguén pechou a súa caixa.

Enterrárona.

Sheila Blanco (Tradución). *Latexo beat*. Festival Kerouac. Editorial Galaxia (2017).



Por que unha muller aguanta unha media de dez anos xunto a un home que a maltrata, física ou psicolóxicamente? As razóns da dependencia económica non o explican todo. Moitas mulleres aturan esta situación porque teñen a esperanza de que o seu home cambie. Pero é unha falsa ilusión: quen bate unha vez bate sempre. Cando a túa parella te agrede fisicamente estache dicindo que non te quere e debes cortar xa! En definitiva, animámoste a que fagas o mesmo que a protagonista destes dous poemas de **Carlos Negro**, incluído no seu libro *Penúltimas tendencias*.

SECCIÓN DE CONXELADOS

Cando dis amor métome no frigorífico,
a carón do peixe e da masa para pizzas.
Xusto debaixo das croquetas do domingo.
A ver se así, en frío, comprendes dunha vez
o significado de respectar as distancias,
a negación que transmite un non nos meus labios:
rotunda como un stop ou un semáforo en vermello.

TRATAMENTO DE BELEZA

Xa está.
Xa pasou.
Corto contigo.
Despréndome de células mortas.
Doume unha masaxe de autoestima.
Aplico ao corazón cremas hidratantes.
E reciclo as bágoas como auga para as plantas.

Calos Negro, *Penúltimas tendencias* (2014)



EN NOVIEMBRO EXPERIMENTAMOS!!

No mes de novembro, que foi o mes da muller e a nena na ciencia, a profe díxonos que preparáramos na casa algún experimento para presentar logo na clase. Así, coa axuda de nosos pais, miramos en internet, ensaiamos na casa e logo fixémoslo na clase.

Entre todos fixémos unha chea de experimentos. A profe facíanos un video mentras nós falabamos. Primeiro tiñamos que saudar e presentarnos, logo contábase os ingredientes do noso experimento e logo facíamolo. Gustounos moito facelos e ver os dos nosos compañeiros e compañeiras. Saíron cousas moi chulas como:

- Electricidade estática que levantaba pequenos papeis.
- Arcos da vella con lacasitos.
- Ovos cocidos que pasaban pola avello dunha botella que era máis estreita que o ovo.
- A mezcla das cores primarias que facían saír as cores secundarias
- Velas acesas nun plato de auga, que se apagaban ao poñer un vaso encima e facía subir a auga.






- Bolsas cheas de auga que, ao furalas, non caía a auga.
 - Ovos saltaríns.
 - Un aparato respiratorio no que se vía como collían e soltaban o aire uns globos que facían de pulmóns.
 - A erupción dun volcán.
 - Como se inchaba un globo por unha mezcla química...
- Pasámolo moi ben experimentando!! Aquí podemos ver algunha fotiño.





O TERMO “VOLCÁN”



No comezo do outono, na illa de La Palma, no arquipélago das Canarias, empezouse a percibir coma o interior do planeta se remexía e emerxía toda a enerxía que se agocha no núcleo terrestre, sen poder freala. Xa se falaba na antigüidade de montañas que cuspián lume para describir as erupcións volcánicas. Para explicalas, antes de que á ciencia recorrese á mitoloxía e Apolodoro, un historiador e mitógrafo que viviu no século II a. C., contaba unha historia ben impactante sobre o pulso que botou Zeus con Tifón.

O tal Tifón era un monstro temible que pretendía dominar a terra soterrando o pai dos deuses gregos baixo o monte Etna. O lume que expulsa o volcán siciliano era na Antigüidade, para uns, os raios do propio deus e, para outros, o produto do propio Tifón, capaz de abrasar coa súa mirada, vomitar lume e provocar furacáns e tremores coas ás. Contos mitolóxicos á parte, se facemos un pouco de historia descubrimos que no ano 79 d. C. o naturalista Plinio, o Novo, describiu o estoupido do Vesubio, que provocou a morte de seu tío (Plinio, o Vello) e a destrución de Pompeia, Herculano, Oplontis e Estabia. Mais a montaña que olla Nápoles e que de cando en vez cuspe lava nunca se nomeou naquela época polo termo que nós coñecemos hoxe, volcán, senón que todas as referencias a ela son en latín Vesuvio monte.

O dicionario define o volcán como o “conduto da superficie terrestre que expulsa ou expulsou materias en fusión e gases” e tamén a “elevación do terreo producida por un fenómeno volcánico”. Dinos a etimoloxía que esta palabra nos remite a Vulcano que na mitoloxía romana era o deus do lume e dos metais. Casou con Venus (a deusa do amor e da beleza). Era ferreiro e tiña o seu obradoiro no cume do monte Etna, onde se localiza un volcán. Tamén remite ao mesmo deus a denominación da ciencia, vulcanoloxía, rama da xeoloxía que se ocupa do estudo dos fenómenos volcánicos, e a dos seus especialistas, os vulcanólogos, -as. Este termo cobrou, infelizmente, actualidade porque o volcán Cumbre vieja, na illa de La Palma, espertou do seu letargo.



Ao negro adoita outorgárselle un valor negativo, porque se asocia á dor e ao loito neste lado do mundo. Mais desde América do Norte chegounos unha nova designación que pretende ser positiva: o **venres negro** (black Friday). Alá cadra co venres posterior ao día de Acción de Grazas (o Thanksgiving Day) e consiste nunha xornada na cal as tendas fan grandes descontos, co Nadal xa próximo.

A orixe desta expresión atopámola nos Estados Unidos de mediados do século XX. Os primeiros usos da expresión black Friday rexistráronse de forma illada no ámbito empresarial para denominar o absentismo laboral provocado pola resaca do día de Acción de Grazas, que cadra en xoves. Logo pasou ao argot dos gardas de tráfico de Filadelfia para indicar os grandes atascos que se producían na zona comercial da cidade ese mesmo día, na véspera dunha importante competición de fútbol americano. Pero ante o cariz negativo que estaba a tomar a expresión e as repercusións na economía do pequeno comercio local, artellouse unha campaña publicitaria para valorizar a xornada e convertela no big Friday, o gran venres, coa colaboración activa dos medios de comunicación. Esta nova expresión proposta non triunfaría, no seu lugar o black Friday foi rehabilitado e pasou a referirse a ese último venres de novembro cheo de descontos.

O costume chegou ao noso país a partir de 2012, cando se autorizou que o comercio puidese facer rebaixas durante todo o ano. Dende entón, o venres negro é tamén por estas terras unha etiqueta cen por cen comercial.

Diccionario O Portal das Palabras



SORORIDADE



Sororidade é un pacto entre mulleres para diminuír a fenda entre a súa posición social e a dos homes. Este concepto pode desprenderse dos textos dos especialistas do ámbito, en que a sororidade aparece definida como “pacto estratéxico de xénero”, “alianza entre mulleres” ou “dimensión ética, política e práctica do feminismo contemporáneo”. O seu hábitat natural son os escritos de enfoque feminista, especialmente desde finais dos sesenta ata o comezo dos oitenta, cando xorde esta acepción específica e comeza a se facer popular. Hoxe, é habitual nos foros de debate, nas redes sociais, nas publicacións violetas e no discurso de activistas como a antropóloga mexicana Marcela Lagarde, unha das súas maiores difusoras.

Lagarde, en “La política de las mujeres” (1979) falaba de sororidade como dunha “experiencia das mulleres”, que conduce á busca de relacións positivas e alianzas existenciais e políticas, para contribuír con accións específicas á eliminación social da opresión e conquistar o empoderamento xenérico e vital de todas. Na nosa lingua é común atopar a palabra no discurso de María Xosé Queizán ou Carmen Blanco, da actriz e política Isabel Risco e tamén no da tristemente falecida Begoña Caamaño, quen entendía que “a sororidade é unha arma de defensa e de apoderamento que só pode facernos máis fortes e máis libres”.

Facemos nosas as palabras da escritora galega Begoña Caamaño: **“A sororidade é unha arma de defensa e de apoderamento que só pode facernos máis fortes e máis libres”**.



O día de Rosalía será o 23 de febreiro



A decisión do cambio da efeméride foi «unitaria e colectiva» en base á documentación descuberta pola investigadora Sagrario Abelleira.

23 de febreiro pasa a ser o **Día de Rosalía**, conforme ao día do nacemento da escritora acreditado polo traballo da investigadora Sagrario Abelleira, que acreditou con documentación que esa foi a data na que naceu a autora. O cambio da conmemoración foi anunciado polo presidente da Fundación Rosalía de Castro, Anxo Angueira, despois dunha reunión mantida na Casa-Museo de A Matanza, en Padrón, e na que participaron as institucións e entidades implicadas na celebración do Día de Rosalía, que **ata agora era o 24 de febreiro**, ao crer que ese fora o día do bautizo da escritora.

A investigadora Sagrario Abelleira lembrou que o cambio de data vén motivado polo achado dunha documentación que cualificou de «irrefutable» porque, dixo, é unha declaración en primeira persoa da nai de Rosalía ante notario, o que fai que a contundencia da información.

Todas as persoas que asistiron á xuntanza coincidían en que a documentación é relevante e irrefutable, de aí o cambio da efeméride.

Esta reunión serviu como «sinal de saída» para a celebración do Día de Rosalía.

María Antelo González, 3º ESO



O amor en sete palabras



O **14 de febreiro** Cupido visitou o noso centro, pero esta vez non viña enfadado con Apolo e por iso só disparou frechas con punta de ouro. A continuación presentamos as sete palabras básicas relacionadas co amor:

Amor: sentimento intenso cara a alguén baseado na atracción sexual e no afecto.

Esta palabra vén directamente do latín, onde significaba 'amizade', 'dedicación', 'desexo grande' ou 'paixón'.

En realidade, os científicos aseguran que o que hai é moita química e, en concreto, **dopamina**, a hormona do amor e da tenrura, e mais **oxitocina**, a responsable da paixón sexual. A causante de que os niveis destas dúas aumenten no cerebro é a **feniletilamina** (FEA), unha anfetamina.

Corazón: órgano de natureza muscular, responsable da circulación do sangue nos animais, que está, no caso do home, na parte media esquerda da cavidade do peito.

Na antigüidade pensábase que o corazón era o centro das emocións, mesmo Platón aseguraba que unha das dúas almas inmortais do ser humano estaba nel, e por iso este músculo é acubillo histórico do sentimento amoroso.

A orixe da palabra atopámola no latín, *coratione*, un aumentativo de cor ('corazón').

Os deuses do amor, Eros na mitoloxía grega e posteriormente Cupido na romana, lanzaban frechas de ouro ao corazón que se alborotaba, e está comprobado que cando nos namoramos o ritmo do corazón altérase froito da descarga química, e tamén que determinadas doenzas cardíacas son produto da ansiedade e o estrés que producen algunhas relacións sentimentais, especialmente cando rematan.



Conquistar : inspirar en alguén un sentimento de admiración, de amor etc.

Para acadar o éxito no amor, cómpre empregar as nosas mellores armas de sedución: elocuencia, coquetería, intelixencia, humor, galanteo ... Non só o ser humano amosa os seus encantos para atraer unha parella senón que son moitos os animais que teñen danzas e pelexas como demostración de forza, ou cambios físicos para cortexar e conseguir perpetuar a especie que no fondo é o que se pretende: vencer a extinción.

Na orixe a palabra non era tan belicosa e provén dunha suposta forma latina conquistare, do clásico conquirere, que significaba 'procurar por todos os lados', 'pretender', 'reunir' ou 'recrutar'.

Bico: demostración de afecto, amor, amizade, respecto ou reverencia que se fai tocando algo ou alguén cos labios

Unha das mostras de amor máis evidentes e máis visibles son os bicos, que dependendo como se dean e a quen, tamén poden ser un saúdo ou parte dunha reverencia en sinal de submisión.

A súa orixe atopámola nunha forma suposta prerromana beccus, que tamén encontramos en italiano no substantivo becco e mais no francés en bec, co significado de 'peteiro'.

Ademais de bicos, tamén podemos dar beixos, que veñen do latín basium, co mesmo significado, 'bico de amor ou de respecto', e os bicos literarios son os ósculos, que vén do osculum latino, que era un bico na meixela.

Cariñoso -a: que sente cariño ou trata os demais con cariño.

Cando estamos cheos de amor e temos unha relación sentimental adoitamos ser cariñosos como demostración do que sentimos e tamén como xeito de verificación, o que en exceso pode resultar abafador.

Este adxectivo fórmase directamente sobre cariño (que algúns relacionan co caru latino, 'querido'), que é o "sentimento de afección, amizade, tenrura, simpatía etc., que se experimenta por alguén", engadindo o sufixo -oso/a, para formar adxectivos sobre substantivos, o mesmo ca os agarimosos e os amorosos.

Noivo -a: persoa que mantén relacións amorosas con outra, xeralmente con vistas ao matrimonio

A orixe desta palabra suponse que provén do latín vulgar noivu. Este termo convive coa denominación mozo -a, "persoa que mantén relacións amorosas con outra".

Soñar: imaxinar que algo, en especial unha cousa agradable é real.

Este verbo vén latín somniare que significaba 'soñar', 'delirar' e 'estar tolo', e aínda que hoxe na lingua conserva só o primeiro dos significado.



En 1975 a ONU establece o **8 de marzo** como Día Internacional da Muller, recollendo a data en que, ante a inminente Primeira Guerra Mundial, no contexto dos movementos pacifistas, se celebra en distintos países europeos o Día da muller, e que máis tarde adoptarán as rusas para reclamar pan e paz nas vésperas da Revolución.

Se facemos caso do Dicionario, unha muller non é nin máis nin menos ca un ser humano definido polo seu sexo pero o significado de ser muller vai necesariamente moito máis alá do biolóxico, así que para entender esta palabra de uso tan común cómpre coñecer as súas implicacións en moitos ámbitos distintos. Muller procede do latín muliere e para nós conserva o valor etimolóxico de 'persoa de sexo feminino', mais isto é unha excepción no conxunto das linguas romances, porque na maioría delas, quitando o galego, o portugués, o español e mais o romanés, as derivadas de muliere acabaron por ser as 'mulleres casadas', como a muller catalá ou a moglie do italiano, sinónimos do noso dona, esposa ou señora.

Hoxe as obras lexicográficas recollen para muller definicións libres de prexuízos, mais isto non acontece desde sempre nin tampouco en todas as



palabras que aluden a elas, por exemplo no léxico das profesións. Desde antigo a muller definiuse en relación ao home e subordinada a este, pero tamén xa na antiga Roma as mulleres organizáronse, por primeira vez que se saiba, e chegaron a acadar a administración do seu dote e o dereito a se divorciar. Na Idade Media restrinxíronse de novo os seus dereitos e posteriormente, ao longo dos séculos, as mulleres foron quen de manifestar dun xeito ou doutro a súa desconformidade coa orde establecida; mais é a fins do XVIII, na Revolución francesa e, sobre todo, no XIX coa “Declaración de Séneca Falls” (1848) cando denuncian as restricións políticas ás que están sometidas reivindicando o dereito ao sufraxio feminino. Este texto considérase a acta fundacional do movemento feminista: o feminismo sufraxista.

A loita continúa e ten que ser de xénero, xa que se trata de vencer costumes, normas e estereotipos formulados nunha sociedade non igualitaria.

Pola filósofa grega do IV a.C. **Hiparquía**.

Por **Hipatia de Alexandria**, que ao redor do ano 400 revolucionou a astronomía.

Por **Christine de Pizan**, unha das primeiras profesionais da escritura que no seu O libro da cidade das damas xa critica a misoxinia.

Por **María Castaña**, que encabezou a revolta contra o feudal bispo de Lugo.

Por **María Soliña** e **María Pita**, que defenderon Cangas e A Coruña respectivamente.

Pola pontevedresa **Isabel Barreto**, a primeira almirante do Pacífico.

Por **Concepción Arenal**, **Emilia Pardo Bazán** e **Rosalía de Castro**, tres escritoras e tres precursoras do movemento feminista.

Por **Francisca Herrera**, primeira académica de número da RAG.

Por tantas e tantas outras...

... e por **ti**, que estás a ler a nosa revista. **NOSOUTRAS PODEMOS!!!**



Lendas e símbolos do camiño de Santiago

Na terra da Santa Compañía, das meigas e dos conxuros, o camiño tiña que ser moito máis que pedras, árbores e corredeiras ata Santiago.

Na Ruta Xacobeá escóndese un universo de símbolos e lendas, que envolven á peregrinación ata a tumba do Apóstolo. Moitos dos símbolos foron deixados polos construtores da época que ocultaban mensaxes nas súas obras.

Mensaxes ocultas

Pódese dicir que estes símbolos nas construcións, son a televisión daquela, pois a xente non sabía ler nin escribir, polo que se engadían unha mensaxe oficial e outra extra oficial.

Pola ruta pasan e pasaban peregrinos de todas as partes do mundo, o que provocou a construción dun cárcere moi interesante en Triacastela, no que os peregrinos que cometían algún delito pasaban nela algunhas horas ou noites.

Os símbolos da peregrinación atópanse por todo o camiño, por exemplo, a cuncha da vieira, que era un símbolo de ter peregrinado.



Etapas favoritas

Moitos peregrinos que completaron o Camiño Xacobeo, recalcan os numerosos dolmens e artes rupestres, xa que se sabes observalos podes atopar neles a maxia do camiño ata o Apóstolo.

Jorge Lema Zamora, 2º ESO



Este último ano, no 14 de setembro celebráronse **700 anos da morte do poeta Dante** Alighieri. Aínda así, moita xente faise a mesma pregunta:

Quen foi Dante Alighieri?



Dante Alighieri, nado no 1265 en Florencia, cidade que máis tarde amaría con toda a súa alma (a pesar de ser exiliado en certa ocasión); dedicouse á política e á poesía, destacando por esta última, pois era moi distinta do resto de lírica da súa época.

Hai moitas cousas que a diferencian, pero máis alá do vocabulario que usara ou que tipo de estrofas utilizara, Dante destaca porque foi o primeiro poeta nese momento en centrar a súa poesía no ser humano e non en Deus. Por isto, pódese considerar a Dante o primeiro home do Renacemento.

Este humanismo apréciase na maior e máis increíble das súas obras, a *Divina Comedia*, obra na que narra como nun momento, tras espertar no Inferno, Dante comeza a percorrer este lugar, o Purgatorio e o Paraíso en busca da súa divinizada dama, Beatriz. Durante boa parte do libro Dante vai acompañado do poeta Virxilio e no traxecto coñece a innumerables personaxes históricos de todas as épocas, encontrándose tanto pensadores gregos coma xente da súa amada Florencia, chegando incluso aos personaxes mitolóxicos ou Bíblicos ao longo da travesía e interactuando con estes para saber a súa historia.

Pero Dante non só fixo iso, tamén influíu en gran cantidade de xente. Dentro de Italia, na súa lírica inspiraríase en parte o poeta renacentista Petrarca, que á súa vez, logo condicionaría en gran parte da lírica renacentista en Europa. Tamén inspirou a grandes artistas como ao mesmo Miguel Anxo ou a Picasso; e, na actualidade, o artista español Miguel Barceló ilustrou completamente a *Divina Comedia*, dándolle máis vida á obra. Outros exemplos son unha estatua erixida no seu honor na Piazza Santa Croce, en Florencia. Mesmo aquí, en Galicia, o autor Curros Enríquez baseouse en Dante para escribir a súa propia parodia *O Divino Sainete*.

En conclusión, Dante foi un home adiantado ao seu tempo, un pensador que condicionou moitos aspectos da súa época e posteriores, un “italiano universal”.

Gabriel Caamaño Abelenda



En outubro veu visitarnos o catro veces campión do mundo en pesca de salmónidos mosca, **David Arcay**.

Contounos onde estivera pescando e falounos das especies invasoras en Galicia (como a carpa), tamén das especies autóctonas (como a troita), logo expuso o tema da contaminación de ríos e de depredación. Explicounos os valores deportivos e medioambientais asociados ao mundo da pesca, e despois diso, fomos ao río e ensinounos a pescar.

A actividade resultou moi entretida; ademais, concienciámonos de que hai que coidar moito os ríos porque son moi importantes para a nosa vida.

Ramiro Francisco Alentorn Coria, 1º ESO





A lingua materna e as Tanxugueiras

O pasado **20 de febreiro**, á véspera do día internacional da lingua materna, que este ano puxo o foco no uso das tecnoloxías baixo o lema "A tecnoloxía para a aprendizaxe multilingüe" nun acto lúdico e didáctico dirixido ás familias e ao público máis novo, celebrado na Cidade da Cultura, contou-se coa participación das **Tanxugueiras**, que foron felicitadas en nome de todos os galegos polo seu compromiso coa nosa lingua e tradición.

As tres rapazas galegas conseguiron, coa súa participación no certame de Benidorm, facer visible o galego. Iso supuxo unha onda de orgullo pola nosa lingua. Co seu tema "Terra" demostraron que co idioma galego podemos chegar dende Galicia ata Europa e ao mundo enteiro. Ensináronlle ao mundo que en España existe máis que o flamenco e levaron o folclore galego ao cume.



Hai que lembrar sempre que o mellor xeito de manter viva a nosa lingua é falándoa e empregándoa en todos os ámbitos como por exemplo o da música.

Valeria Cerbán Moledo, 3ºESO



Na tradición literaria, a **primavera** é a estación da **Poesía**. **Por que?** Porque simbólica e etimoloxicamente relacionamos a poesía coa creación, co rexurdimento da vida, o despertar na natureza despois dos meses fríos do inverno, tempo do amor e da fertilidade, enerxía vital. En todas as

culturas este período do ano aparece asociado aos procesos creativos. Na primavera échese o mundo de flores e de cancións. En primavera festexamos o **Día do Libro e da Lectura** (23 de abril) e o **Día das Letras Galegas** (17 de maio). Nas culturas clásicas e na cultura medieval de occidente na primavera celebrábanse os festivais ou certames de poesía, concentración de músicos e poetas. As grandes cortes do amor da Idade Media convocábanse preferentemente na primavera.

A **poesía** é o xénero literario que expresa ou suxire algo por medio do ritmo (sobre todo o verso), a harmonía e a imaxe. Etimoloxicamente a palabra procede do grego ποιησις (poíesis). Os clásicos gregos consideraban tres tipos de poesía: a lírica (a canción) que se recitaba ou cantaba acompañándose da lira. A dramática, que se relacionaba coa representación e co teatro; e a narrativa ou épica, destinada a relatar fazañas de heroes ou grandes acontecementos.

A palabra **lírica** vén do latín lyricus e está relacionada co instrumento que o poeta utilizaba para cantar os seus versos (a lira). É o xénero ou subxénero poético máis subxectivo e intimista, onde o autor expresa máis directamente os seus sentimentos.

Na actualidade, cando utilizamos a palabra **poesía**, referímonos preferentemente á lírica, a que expresa os sentimentos, pero tamén aos outros xéneros. Tamén identificamos a poesía coa lectura interior e o recitado, pero non debemos esquecer que historicamente a poesía naceu asociada á música, coa intención de ser cantada diante dun auditorio. Na Idade Media, a poesía galego-portuguesa, a poesía dos Cancioneiros medievais, era unha poesía concibida desta maneira, interpretada musicalmente.



Que haxa auga é unha das condicións necesarias para que exista vida, falemos do Universo ou do noso planeta Terra. Os territorios onde non hai uns niveis mínimos de auga soportan unhas condicións de vida extremadamente duras, ou mesmo acaban por converterse en espazos onde non se pode vivir por un período prolongado.

A auga quita a sede, mantén a hixiene e protexe a saúde; é un dos principais recursos enerxéticos e para que sexa posible un desenvolvemento sustentable é imprescindible. Por todas estas razóns, en xullo de 2010, a ONU recoñeceu oficialmente que o acceso á auga potable e o saneamento básico son dereitos humanos esenciais, declarando o **22 de marzo** Día mundial da auga. É ben lembrar que non todos os países nin todos os sectores de poboación teñen garantido ese dereito e aínda que non é o caso do noso onde, ata o momento –e malia as secas que trae o proceso de cambio climático–, seguimos sendo un país cun alto nivel de recursos hídricos e excedente na enerxía que producen.

Chamámoslle á auga case igual a como lle dicían os romanos, aqua -ae. Se a perdemos, con ela irán polos sumidoiros numerosas palabras que a conteñen, non só no seu valor semántico, senón na súa propia forma, ben á maneira patrimonial –con <g> intervocálico–, ben mantendo a forma culta no <c>, que representa a pronuncia etimolóxica; “aguas” e “acuas”.

Podemos vivir sen moitas cousas, pero ninguén vive sen AUGA, E coidar das nosas augas é responsabilidade de todos e todas.



Este ano, celébrase

o **centenario do** **nacemento da coruñesa María** **Casares (1922-2022)** como actriz e

personaxe pública que tivo gran transcendencia na vida social, cultural e artística na Francia do século XX.



Toda a súa vida estivo marcada pola infancia coruñesa, por ser exiliada e por ser filla de Santiago Casares Quiroga (presidente do Consello de Ministros da II República) e Gloria Pérez Corrales. Ela mesma dixo que o primeiro e máis doloroso exilio foi cando deixou Galicia.

María Casares emprende o camiño do exilio con 13 anos e chega en novembro de 1936 a París, cidade na que estuda teatro e onde sempre se situará ao lado das vangardas artísticas e onde mostrará un compromiso ético, político e social coa súa orixe e coas persoas refuxiadas e cos ideais republicanos. **Foi a gran dama do teatro francés do século XX.**

Sempre reivindicou as súas raíces galegas. Na rexión da Charente mercou unha gran casa que foi convertida nun centro cultural trala súa morte en 1996. Este edificio é punto de encontro para xente do teatro. Ademais, foi declarado monumento histórico de Francia en 2002. Dicían que alí María Casares conseguira crear a súa propia Galicia privada, o seu paraíso da infancia, para no perdelo nunca máis.

Un ano despois da súa morte, en 1997, a Asociación de Actores e Actrices de Galicia crearon Os Premios de Teatro María Casares, de periodicidade anual, a fin de servir de estímulo e recoñecemento ao labor desenvolvido pola profesión teatral. A Gala de entrega destes galardóns celébrase no Teatro Rosalía de Castro da Coruña en datas próximas ao **Día Mundial do Teatro, o 27 de marzo.**



MARÍA **CASARES**



SOLTA DE LIBROS

O bookcrossing, os libros libres, os libros á solta é un movemento nacido nos Estados Unidos en marzo de 2001 que se caracteriza por poñer en práctica a liberación de libros en espazos públicos para que outros os atopen, os lean e os volvan ceibar; transformando así o planeta nunha inmensa biblioteca e facendo o acceso á lectura moito máis universal.

Foi creado do mesmo xeito un sitio web onde se rexistran os libros liberados e os que vas lendo para seguirlles a pista e saber que é deles.


Actualmente esta práctica xa chegou a moitos lugares; no concello de Arzúa, por exemplo, xa se realiza decote.

O termo máis coñecido e popular é o anglicismo bookcrossing; un vocábulo formado polos termos ingleses **book (libro)** e **cross (cruzar, ir ao outro lado)**.

Aínda que a denominación inglesa está moi estendida e as demais linguas facemos uso del, cada unha oferta as súas adaptacións propias. Para o galego atopamos as seguintes formas: *solta de libros, libros viaxeiros ou libros ceibes*; estas dúas menos abondosas.

As persoas que falan unha lingua son soberanas á hora de escoller, e algunhas veces non temos necesidade ningunha de botar man de termos doutras terras. Pois a nosa lingua ten recursos para nomear o devandito fenómeno de forma semellante.

Bookcrossing en Arzúa



Sheila Baña Grille (4ºESO)





O pasado venres día 8 de abril, os alumnos da ESO realizamos o primeiro recital poético do CPI da Picota e tamén un **campeonato de “nitroball”**.

Estas actividades realizáronse a partir da 1ª hora da mañá, e dende entón fóronse alternando as fases do certame poético coas do xogo de orixe estadounidense.

Houbo unha gran participación para ambas actividades, e do mesmo modo, tamén se observou un gran nivel. Na primeira fase do campionato de poesía, podíanse recitar un ou dous poemas. Doce participantes recitaron os poemas que elixiron de autores coñecidos ou de creación propia para intentar pasar á segunda fase, mais tan só a metade pasarían de ronda. Na semifinal, quedaron eliminados tres.

Antes de pasar á última ronda, algúns participantes que quedaron eliminados recitaron os poemas que compuxeran eles, e que lles quedaba pena de non recitalos. Destacamos a Brais e a Martín de 4º da ESO que recitaron os seus poemas cómicos e déronlle un ton gracioso ao recital e fixeron que todos e todas botáramos unhas gargalladas.

Os finalistas foron Sara (3ºB), Ramiro (2º) e Mateo (3ºB). Cun poema tiñan que convencer ao xurado expresando os sentimentos que lles transmitía ese poema que deixaran para a final. A decisión estivo moi axustada, pero tras uns minutos de deliberación, e moita tensión, Mateo saíu gañador.

Con respecto ao campionato de “Nitroball”, os equipos que chagaron á final foron os dos “Paralíticos” e “Chouris”. Tras unha intensa partida con altibaixos resultou gañador o equipo de “Chouris”, no que participaban os seguintes alumnos de 4º A: Natalia, Paula, Fabio, Yeray, Martín e Sheila. PARABÉNS a todos e todas!

Para rematar, gustárame facer unha mención especial ao xurado, composto por alumnos e profesores, sen os cales esta actividade non podería ser realizada. Tampouco me quero esquecer do noso profesor de Educación Física, Anxo, que organizou este campionato.

Mateo Cousillas Lema, 3º ESO



Contaminación en mares e ríos

A contaminación dos mares e océanos é a introdución directa e indirecta de substancias prexudiciais no medio mariño, desde o litoral ata mar aberto. Por exemplo: plástico, metal, vidro, tecidos, papel e madeira.

Principalmente o máis contaminante é o plástico, chegando a ser o 80% do lixo que chega ás augas de todo o mundo.

A produción de plásticos aumentou de forma exponencial. Estímase que ata 2015 producíronse 8.300 millóns de toneladas.

- O 9% foi reciclado
- O 12% foi incinerado
- O 79% está nos vertedoiros

Neste momento, prodúcense máis de 400.000.000 toneladas de plástico ó ano. Cifra que a este ritmo se duplicará para o 2050.

Adoitan tirarse de maneira desmesurada: herbicidas, plaguicidas, fertilizantes, deterxentes, químicos, hidrocarburos, plásticos e augas residuais entre outros. Estes restos provocan un gran impacto ambiental que non só dana a biodiversidade dos océanos, é dicir, aos seres vivos mariños, así como aos recursos que obtemos destas augas; senón que tamén poñen en perigo a saúde humana. Este risco débese principalmente a que moitos dos desfeitos que se verten no mar acaban sendo alimento directo ou indirecto de moitas especies mariñas que consumimos, polo que poderíamos acabar inxerindo restos das substancias que nós mesmos desbotamos.

A contaminación do mar, por moi recente que pareza, é froito de moitos anos de descoido co medio ambiente, posto que en tempos dos romanos xa se vertían moitos desfeitos ao mar. Pensouse durante moito tempo que a gran cantidade de auga que fluía nos mares e océanos podía acabar diluíndo todos os restos mal xestionados, producidos polos humanos ao longo da nosa existencia.

O problema agrandouse nos últimos séculos, debido ao gran desenvolvemento industrial e tecnolóxico. Comezamos a producir cantidades enormes de materiais de refugallo que aceleraron o proceso de degradación e contaminación dos fondos mariños.



Chegamos a un momento no que os nosos mares e océanos xa non poden reter máis esta contaminación, polo que están a aparecer síntomas que, se non se xestionan, serán irreversibles e realmente moi prexudiciais para nós e o resto de seres vivos.

Plásticos

O creador do primeiro plástico foi o químico Leo Baeckland (1909). Converteuse nun material moi popular porque o plástico é duradeiro e resistente.

Que é o que máis contamina do plástico?

O principal problema deste material é que se desintegra en nanopartículas e microplásticos. Estes absorben contaminantes metálicos e orgánicos e tamén viaxan a través da auga.

Nanopartículas: Son partículas cuxas tres dimensións son inferiores a 100nm. Estas poden chegar a todas as partes dos organismos vivos.

Microplásticos: Os micróplásticos son pequenas pezas de plástico que contaminan o medio ambiente.

Contaminación dos ríos

- O 80% dos plásticos que chegan ata o mar repártense por máis de 1.000 ríos. Os máis contaminantes atópanse no Pacífico: o 88% dos ríos mas contaminantes están en Asia (44 de 50)
- Os refugallos dos ríos acumúlanse en costas e ribeiras .

Consecuencias da contaminación do mar

Pérdida de biodiversidade: Implica que animais, neste caso acuáticos, morren debido á contaminación.

Eutrofización: Algunhas industrias verten ós ríos certas substancias que provocan un crecemento desmesurado de algas. Estas algas absorben o osíxeno e impiden o paso da luz.



Grandes masas de plásticos: Esta situación produce grandes xiros oceánicos que fan que o plástico se acumule na superficie.

Diminución do osíxeno e acidificación das augas: O aumento da temperatura da auga provoca unha diminución do osíxeno no medio mariño.

Cambios fisiolóxicos e morte de organismos acuáticos: As augas residuais son a principal causa dos cambios fisiolóxicos ou a morte de animais. Isto débese a que, por exemplo, medicamentos que non se chegan a depurar causan alteracións no fígado e incluso no aparato reprodutor dos peixes e mamíferos.

Algunhas solucións

O rápido deterioro da situación obriga á sociedade a buscar solucións para este problema:

Reciclar, reutilizar e reducir.

Reciclar: Unha maneira fácil de reciclar é reutilizar as bolsas da compra ou tirar o lixo nos contedores adecuados. Un dato a ter en conta: O 59% de todos los residuos encontrados eran plásticos dun só uso, como botellas, bolsas, envases...

Reutilizar: Por exemplo, cando se rompe un aparello, é mellor reparalo para poder seguir usándoo en lugar de tiralo e comprar outro.

Reducir: É fácil, só temos que intentar comprar menos cousas de plástico dun só uso, como: pallas, bolsas, cubertos e pratos...

No contedor amarelo vai o plástico, no verde vai o vidro e no azul o papel e mais o cartón.

Webgrafía

- **Greenpeace**

¿Cómo llega el plástico a los océanos?

- **The Conversation**

El papel de los ríos en el transporte de los residuos plásticos al mar

- **El Confidencial**

Estos son los ríos que más contaminan los océanos del planeta

- **El País**



Microplásticos, el veneno del mar

- **El Mundo**

Radiografía de la basura que llega a los océanos: el 80% es plástico

- **Ecología Verde**

Causas y consecuencias de la contaminación del mar

Investigación realizada polos alumnos/as de VVEE 1ºESO





Zoom á violencia de Xénero

Internacional

As Nacións Unidas (ONU) definen a violencia contra a muller como «todo acto de violencia de xénero que resulte, ou poda ter como resultado un dano físico, sexual ou psicolóxico para a muller».

Violencia na parella ou dentro do ámbito familiar

A violencia na parella refírese as accións que poden chegar a causar dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas a agresión física, a coacción sexual, o maltrato psicolóxico e as condutas de control.

Entre 2000 y 2018 realizouse unha análise pola OMS (Organización Mundial da Saúde) sobre a violencia contra a muller. En todo o mundo, case unha de cada tres mulleres sufriu violencia física ou sexual. A violencia de parella e a violencia sexual son perpetradas na súa maioría por homes.

Factores asociados coa violencia de parella e coa violencia sexual son:

Baixo nivel de instrución (autores e vítimas de violencia sexual), exposición ao maltrato infantil, presenciar escenas de violencia familiar, ter un trastorno da personalidade antisocial, uso nocivo do alcohol, comportamentos masculinos daniños como ter múltiples parellas ou actitudes de aprobación da violencia.

Diferenzas de xénero

Seguen existindo normas que privilexian ou condicionan de maneira superior aos homes sobre as





mulleres. Como exemplos temos: o escaso acceso da muller ao emprego remunerado, leis non igualitarias, baixos salarios para as mulleres nalgúns ámbitos...

A desigualdade de xénero e aceptar a normativa da violencia contra a muller son causas deste problema, debido a que a violencia de parella/sexual son enormes e teñen un efecto dominó en toda a sociedade.

A función do sector da saúde

O sector da saúde céntrase en moitas cousas como: prestar axudas a mulleres que padecen este tipo de violencia, previla, promover a igualdade e xerar medidas que funcionen.

Datos sobre a violencia de xénero no mundo

1. Cada 3 segundos, unha nena é obrigada a casar.
2. Unha de cada 3 mulleres sofre violencia física ou sexual no mundo.
3. En países como o Congo, as violacións como arma de guerra son tan usadas que, de media, unha muller será violada máis dunha vez na vida.
4. O 71% das vítimas de trata son mulleres e nenas.
5. En 2012, a metade dos asasinatos de mulleres foi por parte da súa parella ou dun membro da súa familia. No caso dos homes, isto non pasa nin no 5% dos casos.
6. As mulleres de entre 15 e 44 anos teñen máis risco de sufrir violencia de xénero que cáncer, accidentes de tráfico ou malaria.

Femicidios en América Latina

Os femicidios en América Latina teñen taxas bastante altas comparadas con outros lugares do mundo. Contando os datos en femicidios por cada 100.000 mulleres, hai países con taxas moi por riba da media coma: Honduras, Sta. Lucía, Trinidad e Tobago, República Dominicana e El Salvador. Aínda que hai outros que baixaron as súas taxas, por exemplo: Brasil, Bolivia, Guatemala, etc.





Violencia de xénero en Asia

En Asia aínda hai numerosos países que sofren moita violencia de xénero, coma en Indonesia, onde se rexistrou unha subida do 6% (2018-19), sendo a doméstica a máis común (o 75% dos casos). En Corea do Sur, un 5% das mulleres sufriron esta violencia por parte das súas parellas, e en Xapón rexistráronse case 77.500 chamadas por violencia doméstica.

Violencia de xénero en África

As rexións de África Occidental e Meridional teñen taxas de violencia de xénero moi altas. En varios países, arredor do 20% das rapazas de entre 15 e 24 anos aseguran ter sufrido violencia por parte da parella. A violencia sexual en nenas de 15 anos ou menos é máis común en países posconflicto.

A alta taxa de violencia mantense pola persistencia de normas de xénero nocivas, consumo de alcohol, o aumento da pobreza e da violencia, etc. A violencia e o medo ao abuso impídenlle ás nenas rexeitar as relacións sexuais e fainas perigar. A maioría dos países non compren os seus compromisos, expresados en distintos tratados. Incluso cando hai lexislacións nacionais sobre a violencia de xénero, estas descoñecen os dereitos de mulleres e nenas.

Cambios actuais

En Liberia, a sección ONU Mulleres apoiou a mulleres lexisladoras e avogadas para defender a adopción con éxito dunha política de asistencia xurídica.

En Tanzania, gobernos, activistas, grupos de mulleres, líderes, etc. escoitaron o chamado da ONU Mulleres para denunciar as normas prexudiciais que sosteñen a violencia de xénero.

En Moldavia, as mulleres loitan por obter unha proporción xusta dos cargos electos. Para as mulleres con discapacidade, a barreira é aínda máis alta. Nas eleccións de 2019, ONU Mulleres colaborou para que participaran como candidatas a alcaldesas e concelleiras.





Nacional

Denuncias contra a violencia de xénero en España

Durante o ano 2018 chegaron ós xulgados un total de 1666.961 denuncias por violencia de xénero, o que implica unha media mensual de 13.913 denuncias e unha media diaria de 457. Supón un incremento do 0,4% do número de denuncias por violencia de xénero se se compara coa cifra do ano anterior.

Datos de mortes en España

O número de mortes por violencia de xénero diminuíu un 3% anual durante o período 2003-2017, e continúa diminuíndo.

Webgrafía

- **ONU Mulleres**

Informe anual ONU Mujeres

- **Organización Mundial da Saúde**

<https://www.who.int/es/news-room/fact-sheets/detail/violence-against-women>

- **Observatorio Igualdade de Xénero de América Latina**

<https://oig.cepal.org/es/indicadores/feminicidio>

- **ACNUR**

- **Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero**

https://violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/estudios/investigaciones/2020/menores_UCM.htm


- **Fundación Mujer**

<https://observatorioviolencia.org/quienes-somos/>

- **Consellería de Emprego e Igualdade. Centro de documentación**

<http://igualdade.xunta.gal/es/centro-de-documentacion>

Investigación realizada polos alumnos/as de VVEE de 3ºESO



"A bruxa que quería roubar a lúa?"

Era a noite de San Xoán. Estabamos facendo unha fogueira a miña familia e os meus amigos na praia. Meu pai díxome que fora buscar leña ao monte, e entón vin a unha bruxa preparando unha poción máxica nun caldeiro para poder roubar a lúa e facer trasmadas sin que a viran, e só lle faltaba un dente de leite que tiña que roubarllo a un neno. Volvín correndo á praia onde estaban todos. E... de súpeto escoitei a un moucho que chamaba por min: - Para, para, teño a solución para deter á bruxa! Colle este calcetín máxico e tes que colocarlo no rabo da escoba e cando se monte nela explotará, queimaráse e desaparecerá. Tiña moito medo pero fun coladiño e coloqueillo sin que me vira. Marchei correndo xunto a todos e cando cheguei, oíronse explosións e víanse foguetes de luces no ceo. Case que me cae o calcetín ardendo na cabeza! O que pasou coa bruxa xa o imaxinades...



Aula de 2º de Educación Primaria





Apoio a Ucrania




O 24 de febreiro de 2022 chegounos a terrible noticia de que un país europeo invadía ó seu veciño empregando a forza.

Dende ese momento, sucedéronse tráxicas noticias de bombardeos sobre casas, escolas, hospitais, universidades, fábricas, museos... Sendo a poboación civil, como en todas as guerras, a máis prexudicada.

Moitas familias víronse obrigadas a separarse. Algunhas mulleres tomaron a difícil decisión de marchar do seu país para protexer ós seus fillos/as. Outras, quedaron para loitar ó carón dos seus compañeiros e amigos.

Esta guerra axitou o noso continente como non o fixeran ningunha outra dende a Guerra dos Balcáns, na década dos 90. Todos os países da Unión Europea uníronse para mostrar o seu profundo desacordo e tomáronse unha serie de medidas que directamente afectaron, e afectarán, ós moedeiros de todos os cidadáns europeos. Decatámonos entón que loitar pola liberdade, pola democracia, non sae gratis; e, ademais, require dun esforzo constante e activo por parte de toda a cidadanía.



Dende o CPI a Picota quixemos mostrar a nosa solidariedade co pobo ucráino. Con este fin, organizamos unha carreira solidaria o 2 de maio.



As alumnas e alumnos de todos os niveis educativos participaron nela.



UNHCR
ACNUR
La Agencia de la ONU para los Refugiados





A VIDA DO NOSO HÍBRIDO

O alumnado de 4º estivo traballando durante o curso 2021/2022 o conto.

Primeiro realizamos unha fase de sensibilización na que limos moitos contos aínda que esta durou ó longo de todo curso para adquirir unha gran bagaxe de escritores/as, ilustradores/as personaxes, lugares, historias,...



Logo convertémonos en pequenos creadores, e elaboramos títulos de contos, situacións de inicio, situacións de conflito, resolución de conflito... practicamos moito até que por fin decidimos crear o noso propio conto.

Ó comezo tivemos moitas dúbidas e desacordos para elixir cal sería a protagonista da nosa historia así como o resto de personaxes (axudantes e opoñentes). Todas as decisións foron tomadas mediante diálogo e consenso. Cando xurdía unha boa idea todos





estabamos de acordo rapidamente. Por exemplo pensamos en varias protagonistas até que xurdiu a idea dun híbrido, é dicir, un ser metade lobo e metade nena. Rapidamente todos dixemos que si.

Unha vez que nos familiarizamos coa nosa protagonista comezamos a escribir a historia, levounos varias semanas. Un borrador tras outro, até que nos convencía. Calquera detalle era importante. Toda a aula iamos aportando ideas que axudaban a crear o conto. O día que rematamos o texto foi unha alegría.

Para indagar máis sobre este proceso de creación de contos, tivemos o pracer de convidar a Antón Riveiro Coello a escola. Limos un conto seu A voz do lago. Aproveitamos esta xuntanza para coñecer detalles do seu conto e tamén do proceso de escritura e creación de contos. Trátase de coñecer e aprender de grandes profesionais.



Unha vez rematado era hora de ilustrar. Ao igual que co texto tivemos que facer moitos bocexos ata que o resultado nos convencía. A través de varias asembleas decidimos como dividiríamos a historia e que ilustración representaría cada páxina. Aproveitamos as habilidades artísticas de cada un/unha para que o

resultado fose do máis orixinal posible.



Ó igual que no texto, a mestra realizou unha xuntanza cunha ilustradora de contos, Iria Fafián, para coñecer os detalles da ilustración que logo trasladou



a todo o grupo aula para continuar aprendendo de grandes profesionais.

E por fin, tiñamos o noso conto. Agora tan só quedaba envialo a imprenta para poder ter cada un de nós unha copia. Nestes momentos estamos agardando a ter o conto nas nosas mans. Fainos moita ilusión!

Para finalizar este proceso, realizaremos como verdadeiros escritores, unha presentación do libro. Están convidadas as familias, alumnado e docentes. Contarémolle como foi o proceso de creación, desvelaremos un chisco da historia e contestaremos todas as preguntas que nos queiran realizar. Ademais deixaremos uns exemplares na biblioteca para que poidades lelo sempre que queirades.

Para completar este proceso, estamos creando cada un/unha de nós un conto en individual tras toda a aprendizaxe adquirida durante o curso. Comezan a saír historias moi interesantes, aínda que polo momento estamos en fase de creación.

Non vos vamos a enganar, foi un proceso duro, pero creemos mereceu a pena.

Agardamos que vos guste.






Biografía
Día das letras galegas 2022

**FLORENCIO MANUEL
DELGADO GURRIARÁN**

BIOGRAFÍA

carlosgallegodominguez.com



A INFANCIA

Florencio Manuel Delgado Gurriarán naceu un 27 de agosto de 1903 na aldea de Cógomo, pertencente ao concello ourensán de Vilamartín de Valdeorras.

Era fillo de Florencio Delgado e María del Consuelo Gurriarán, un matrimonio de clase media e propietario de grandes extensións de terreo dedicadas á agricultura.

Era o menor de cinco irmáns.

Os seus primeiros anos de vida pasounos en Cógomo ata que aos seis anos seu pai foi destinado, como funcionario do Ministerio de Fomento e profesor da Escola de Peritos Agrícolas, á cidade de Ourense.

Nesta cidade Florencio estudou primaria na casa coa axuda de profesorado particular.

Dende Ourense seguiu a familia mantendo o contacto con Cógomo, a súa aldea natal, un contacto que se vai ver dificultado polo traslado do pai, catro anos despois, a un novo destino docente, esta vez a Palencia.

Fondo: Concello do Barco de Valdeorras (Ourense)



Florencio, cun ano de idade



Florencio, á esquerda, co seu irmán Edmundo, pisando o xornal El Socialista. (Ca.1907)

Fondo: Concello do Barco de Valdeorras (Ourense)

EN CASTELA

Xa en Palencia Florencio rematou os estudos de primaria no colexio dos Maristas e comezou os de bacharelato no instituto desta mesma localidade.

O pai cambia de novo de destino e con el toda a familia, esta vez a Valladolid, onde Florencio rematará o bacharelato, cursará a carreira de Dereito e fará, no Rexemento de Lanceros de Farnesio, o servizo militar obrigatorio.

En 1921, cando Florencio contaba con 18 anos, morre María del Consuelo, súa nai.

En Valladolid comezou Florencio a súa formación política ao descubrir, a finais dos anos 20, un exemplar do xornal A Nosa Terra no que se difundía o ideario das Irmandades da Fala. Deixouse de sentir un galeguista por libre e descubriu que Galicia tiña bandeira, himno e publicacións espalladoras das ideas galeguistas.

Xa co título de avogado na man, aos 25 anos, regresou Florencio a Valdeorras como pasante dun bufete de avogados no Barco, o do letrado Segundo Trincado.

Fondo: Concello do Barco de Valdeorras (Ourense)



Fondo: Concello do Barco de Valdeorras (Ourense)

EN VALDEORRAS

Ao seu regreso a Valdeorras comeza a preparar as oposicións a Rexistrador da Propiedade, unhas oposicións que non darán aprobado, compatibilizando estes estudos co seu traballo no bufete.

Integrouse rapidamente na vida social e política do Barco, chegando a formar varias asociacións, «La Tertulia» e o «Liceo Recreativo», así como algunha compañía de teatro e un grupo de canto.

En 1930 constitúese a Irmandade Galeguista Valdeorresa, na que Florencio é elixido vogal por Córrego e, en 1933, ingresa como militante no Partido Galeguista, acompañando a Otero Pedrayo e a Alexandre Bóveda nos seus mitins pola bisbarra valdeorresa.


Nesta década comezan as súas colaboracións poéticas no xornal ourensán Heraldo de Galicia e A Nosa Terra e, en 1934, publica o seu primeiro libro de poemas *Bebedeira*, editado pola editorial compostelá Nós, dirixida polo político galeguista Ánxel Casal.

En *Bebedeira* aparecen poemas de Florencio dedicados á súa terra, nos que nos fala da natureza, das vides e de todo o mundo que arrodea ao viño.



Fondo: Concello do Barco de Valdeorras (Ourense)

Coas súas curmás Araceli e Maruxa e mais os cativos Raquel e Moncho. (Ca. 1933)



Bebedeira, o primeiro libro de Florencio Delgado, foi editado en 1934 pola editorial Nós.

A GUERRA CIVIL

O comezo da Guerra Civil, o 18 de xullo de 1936, pillou a Florencio en Vadeorras que, ao comprobar a represión exercida polos golpistas, decide agocharse nas montañas que arrodean a vila.

O seu irmán maior, Lucio, nomeado xefe da Falanxe de Cógomo, decide botarlle unha man e planifican a fuxida de Florencio cara a Francia.

Pasa a fronteira de Portugal e consegue chegar a Porto, onde embarca nun navío noruegués con destino á cidade francesa de Bordeos.

A principios do ano 1938 incorpórase en Barcelona ao exército republicano, no que chega a ser tenente do Servizo de Información.

Afiliouse á UXT e á filial catalá do Socorro Roxo Internacional e no verán de 1938 entra na executiva do Partido Galeguista, do que sería nomeado Secretario de Propaganda.

Nos primeiros meses de 1939, cando a derrota do exército republicano era inminente, a Florencio encárgaselle organizar en Francia a saída dos exiliados cara a América Latina e en xuño dese mesmo ano Florencio, a bordo do Ipanema, inicia o seu exilio.



Co seu irmán Edmundo, á dereita. (Ca. 1936)



organización Socorro Rojo Internacional tiña como obxectivo axudar os refuxiados que fuxían da ditadura franquista.

Fondo: Concello do Barco de Valdeorras (Ourense)

EN MÉXICO

O 12 de xuño de 1939 parte do porto de Pauillac-Bordeos (Francia) no buque Ipanema, con case mil refuxiados políticos rumbo ao porto mexicano de Veracruz.

A travesía vai ser complicada. A falta de comunicación coa tripulación de orixe indochinesa obriga a pasaxe a organizarse para os labores de limpeza e outras tarefas co obxectivo de manter a convivencia a bordo. O estado do buque tampouco era óptimo. A rotura da hélice provoca que teñan que desviarse á Martinica para a súa reparación, que dura dez días e, ao botarse de novo ao mar, encallan nun banco de area, do que son reflotados coa axuda doutro cargueiro francés, o Mont Everest.

Por fin, e case despois dun mes de accidentada navegación chegan, o 7 de xullo, ao porto de Veracruz onde son recibidos con mostras de solidariedade por sindicatos e partidos progresistas mexicanos.

A cada un dos pasaxeiros que subían a bordo do Ipanema, os responsables do buque facíanlle un informe cos datos persoais. Na relación dos pasaxeiros adultos do Ipanema figura o seguinte in forme de Florencio



DELGADO GURRIARÁN, Florencio, 35 anos, solteiro.- Nado en Vilamartín (Ourense). Partido Político: Ningún. Central Sindical: Unión Xeral de Traballadores. Residencia en Francia:18 Rue des Dames, Paris XVII. Cargos antes da guerra: Presidente da primeira Comisión Xestora Republicana do Concello de Vilamartín. Cargos durante a guerra: Oficial administrativo da Subsecretaría de Armamento. No Servizo Información Evadidos e Prisioneiros (Estado Maior Central Exército de Terra).

Florencio, ao principio, estableceuse en Toluca e por mediación de Carlos Velo Cobelas, outro galeguista exiliado, consegue entrar a traballar no Servizo de Evacuación de Refuxiados Españois, o SERE, un organismo encargado de atender os exiliados republicanos.

Neste traballo só estivo durante seis meses. Trasládouse posteriormente á capital mexicana cun novo traballo: vendedor de fertilizantes, actividade que lle permitiu viaxar por todo o país.

En México, onde a colonia galega non estaba moi organizada nin tiña un líder recoñecible, Florencio ingresou na «Alianza Nazonal Galega», unha mestura de socialistas, comunistas, galeguistas e republicanos e comezou unha intensa actividade cultural coa súa participación nas revistas Saudades e Vieiros e na creación do «Ateneo de Galicia en México».

En 1944, cando traballaba como comercial dunha empresa de zapataría, coñeceu á que sería a súa muller, Celia Teixeira, filla de emigrantes galegos e coa que terá cinco fillos: Florencio, Chela, Maruxa Ildara, Lucio Antonio e Carmiña.

Ese mesmo ano participa na redacción, como representante do Partido Galeguista, dun pacto baixo o nome de Galeuzca que será asinado por representantes autonomistas cataláns, vascos e galegos e que reclamaban, entre outras cousas a defensa das tres nacións e o restablecemento da república.

Participa, como tradutor, na publicación de Poesía inglesa e francesa vertida ao galego, na que Florencio traduce trece autores franceses. Esta obra será premiada pola Federación de Sociedades Galegas en Arxentina.

O último traballo de Florencio foi como representante dunha empresa farmacéutica, a Queralt Mir, o que lle obrigou a cambiar a súa residencia dende a capital a Guadalaxara, no estado mexicano de Nueva Galicia.

Outra iniciativa política na que participa, xunto a vellos militantes do Partido Galeguista, é na fundación do «Padroado da Cultura Galega en México que edita a revista Vieiros e patrocina a emisión radiofónica A hora de Galicia, un programa en galego que se manterá en antena todos os domingos durante case vinte anos.

Poesía inglesa e francesa vertida ao galego, obra na que participa Florencio con traducións ao galego de autores franceses, editouse no ano 1949.




En México, Florencio tivo varios traballos e rematou a súa vida laboral como representante da empresa farmacéutica Queralt Mir

Fondo: Concello do Barco de Valdeorras (Ourense)



Casou en México con Celia Teixeira, filla de emigrantes galegos, coa que tivo cinco fillos

Fondo: Concello do Barco de Valdeorras (Ourense)



DE NOVO EN GALICIA

Despois de trinta anos de exilio mexicano decide volver de novo a Galicia e así, no verán de 1968, inicia a súa viaxe coa idea de establecerse nas terras de Valdeorras.

Nesta viaxe conseguiu reunirse cos seus vellos compañeiros de militancia, viaxou a Vigo para contactar cos promotores da Editorial Galaxia, participou na homenaxe a Virxinia Pereira, a dona de Castelao e retomou o contacto con familiares e amigos.

Oito anos máis tarde, en 1976, volve de novo a Galicia, esta vez acompañado pola súa dona e coa idea de establecerse definitivamente na súa terra, pero o descubrimento dunha doenza coronaria fai que eses plans queden frustrados.

A súa terceira e derradeira visita foi en 1981. Nesta ocasión pronuncia o pregón das Festas do Cristo do Barco de Valdeorras e é nomeado Membro de Honra do Instituto de Estudos Valdeorreses.

Tamén a Real Academia Galega, nun acto celebrado no Casino do Barco, nomeouno académico correspondente. Neste acto estaban presentes, entre outros, o dramaturgo Lauro Olmo, o intelectual e artista Díaz Pardo e o daquela presidente da Xunta de Galicia, Xosé Quiroga Suárez.



Fondo: Concello do Barco de Valdeorras (Ourense)

Florencio Delgado na visita á Cerámica de Sargadelos, en Cervo (Lugo), no ano 1981, na súa terceira e derradeira visita a Galicia.



O Instituto de Estudos Valdeorreses, en 1981, nomeou a Florencio Membro de Honra e entregoulle a letra «V» de Valdeorras.

carlosgallegodominguez.com



Nun acto celebrado en 1981 no Casino do Barco de Valdeorras a Real Academia Galega nomeou a Florencio Delgado académico correspondente.

BEBEDEIRA


Bebedeira, o primeiro libro de poemas de Florencio Delgado, publicouse o 24 de abril de 1934, pero antes da súa aparición xa Florencio viña colaborando en revistas e publicacións da época cun seudónimo, que facía referencia á súa aldea natal: Corgomófilo.

O libro foi impreso pola Editorial Nós, de Santiago de Compostela. Esta editorial fora creada polo político galeguista e escritor Ánxel Casal, na cidade da Coruña en 1927 e o nome completo da editorial era «Nós, publicacións galegas e imprenta».

Os versos de *Bebedeira* están inspirados nas festas, na terra, na natureza e no viño da bisbarra de Valdeorras e segundo Xosé Gayoso, amigo de Florencio, «con estes versos poderíase facer a máis completa guía da natureza de Valdeorras».

Ao final do libro as poesías adquiren un ton máis sombrío coa temática do inverno, coa tristura do souto mudo, o castiñeiro morto... verquendo no último poema unha crítica á eliminación dos soutos e á repoboación con eucaliptos.

Saudades ten a campía, polas árbores
que morreron ao fuxir, dos eucaliptos,
os reiseñores trobeiros.



CANCIONEIRO DA LOITA GALEGA

En 1943, cando Florencio xa estaba no exilio mexicano, a revista *Saudade*, da que o autor era directivo, saca á luz *Cancioneiro da loita galega*, unha obra colectiva na que se quería homenaxear os militantes galeguistas caídos en combate e na que participan varios poetas todos eles usando seudónimo. O seudónimo de Florencio era Nadel.

Para esta publicación o poeta valdeorrés achega dezaseis poemas, algúns dos cales xa foran publicados no xornal *Nueva Galicia*, en plena Guerra Civil.

En tres dos poemas denuncia o asasinato de tres amigos: Alexandre Bóveda, Segundo García e Antón Arias.

Antón Arias, «Clavel»: un home enteiro, un galego cabal, rexo e
dereito,
que decote sabía dar o peito, levado do seu pulo
xusticieiro.
Dos camiños do mundo viaxeiro
-que dos galegos é sino escolleito- noso heroe soubo á loita
estar afeito e, firme, percorreu o seu roteiro.
E quixo oporse, por amor á Terra, aos verdugos da
nosa liberdade
e, cun fato de irmáns, fíxolles guerra.
Os eidos defendeu coa súa xente
e, ao consumarse o triunfo da ruindade, por Galiza morreu coma
un valente.



VIEIROS

A revista Vieiros estaba editada polo Padroado da Cultura Galega de México. Comezou a editarse en 1959 e deixou de facelo en 1968 despois de editar catro números.

Florencio vai participar na dirección dos dous primeiros pero vai seguir achegando poemas e artigos para as dúas últimas publicacións.

A GALIZA ASOLAGADA A metade
asolagada
e a metade con piñeiros, na Galiza de
arestora
xa non caben os galegos.

..... Onte, as augas
escumantes dos regueiriños brañegos
bailaban a muiñeira
para engado dos penedos.

..... Hoxe, con ritmo
a «go-go», danzan en canles estreitas e
van, por irtos aramios,
a darlle forza aos alleos.



Portada Vieiros, 1



Portada Vieiros, 2

(Anacos dun poema inédito de Florencio Delgado) Guadalajara, Nova Galiza,
1968
Vieiros, nº 4

GALICIA INFINDA

Galicia infinda, volume publicado pola Editorial Galaxia na súa Colección Salnés en 1963, aparecen recollidos corenta e tres poemas escritos ao longo de vinte anos por Florencio Delgado e no que se reúne boa parte da súa poesía de posguerra.

A obra está dividida en cinco partes: Cantarenas, Valdeorras, Castiñeiros, Varia e Poemas mexicanos. Trátanse diferentes temáticas: as que evocan a súa terra natal de Valdeorras e os poemas mexicanos escritos nunha mestura de galego e crioulo mexicano.

Nenas, vinde á pandeirada, que sinto, no
peito o adufe do meu desexo, rapazas.
Os ollares churrusqueiros son mans a
bater no adufe
que anda a soar no meu peito.
Nenas, vinde á pandeirada, a pór acordes
co adufe

as ferreñas das risadas.

(Estoupe, que estoupe, que estoupe o pandeiro; nas bocas floridas que
estoupen os beixos; estoupen os risos e os salaios ledos;
estoupe o xuntillo, gaiola dos peitos!)





Revista **Parrafadas** . CPI Plurilingüe da Picota . Curso 2021/2022